



# CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)  
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71  
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es · www.concellodacapela.es

## **BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E CINCO DE SETEMBRO DE DOUS MIL DOCE.**

### **ASISTENTES:**

Presidente:

**D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ**

### **CONCELLEIROS/AS:**

D<sup>a</sup>. MARINA BOUZA COUCE

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D. FCO. JAVIER BOUZA BERMÚDEZ

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO

D. FERNANDO VILAR DÍAZ

D. JUÁN PUENTES CALVO

### **SECRETARIO-ACCIDENTAL:**

D. JESÚS FRANCO RODRÍGUEZ

No Salón de Sesións desta Casa do Concello da Capela, provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e cinco de setembro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen os Sres. Concelleiros/a. que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebrar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe. Non asiste a Concelleira Dna. Olga María Blanco Teijeiro.

## **I.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA TRECE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DOCE. ACORDO QUE PROCEDA.**

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres./Sra. Concelleiros/a. asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data trece de setembro de dous mil doce.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o Pleno Municipal, por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

## **II.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 4/2012. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos número 4/2012 por importe de 3.200 €, mediante transferencias de créditos de 22.000 € da partida 2012.2.13 á partida 2012.4.61 e 8.000 € da partida 2012.2.16 á partida 2012.4.61 para a "Reparación dos

camiños de Mourente, O Seixo, Sande, O Lombo, A Corveira, O Machuco e outros. Os 3.200 € que van a partida 2012.3.68 é por mor do maior importe da subvención do Fondo de Compensación Ambiental 2012. Despois salen 5.240,37 € da parida 2012.4.61 que van para a partida 2012.3.68 para transferencia para a correcta aplicación ao orzamento de proxecto do Fondo de Compensación Ambiental que estaba por determinar. O expediente foi informado desfavorablemente na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno celebrada o día vinte de setembro de dous mil doce.

Manifesta o Sr. Alcalde que as dúas obras que se pretenden levar a cabo, aparte dos camiños serían a "Recuperación do Parque da Chousiña" e a "Instalación de placas solares" no Pavillón Municipal de Os Calzados. Con respecto a ésta última dice que sería moi importante polo aforro enerxético que conlevaría.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular D. José Seco Fernández para poñer de manifesto que se remite o que dixo na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno celebrada o pasado día vinte de setembro, e que mantén a mesma postura.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que tamén se remite o manifestado na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno do día vinte de setembro, reiterando que había outras obras de máis importancia para levar a cabo e que se debían consensuar previamente.

Polo voceiro do Grupo Mixto-BNG, D. Juan Puentes Calvo, dise que non quere repetir o que xa dixo na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno do día vinte de setembro, pero manifesta que o Concello téñen moitos locais para poñer á disposición dos veciños para reunirse sen acudir a facer a obra que se pretende en Sande. Considera que hai múltiples obras que facer antes de levar a cabo as que se pretenden neste expediente de modificación de créditos, como serían acondicionamento do Concello, auga en Sande, etc. Dice que en Sande hai unha asociación que ten local propio e pode facer uso del.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación desprende o seguinte resultado (4 votos a favor dos Sres/a. Concelleiros/a. do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE) e 4 votos en contra dos Sres. Concelleiros dos Grupos Municipais do Partido Popular, Grupo Municipal de AIAC e Grupo Mixto-BNG). Á vista do empate da votación, efectúase unha nova votación, persistindo o empate, 4 votos a favor e 4 votos en contra, decidindo o voto de calidade do Sr. Alcalde-Presidente, artigo 100.2 do ROF, que por maioría de votos adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente de modificación de créditos N° 4/2012, debendo aplicarse os suplementos de crédito de acordo co seguinte cuadro:

| CAPITULO                    | CONSIGNACION ANTERIOR | TRANSFERENCIAS POSITIVAS/NEGATIVAS | FINANCIACIÓN REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA | SUPLEMENTO ASERACIÓN DE CRÉDITO | TOTAL CONSIGNACIÓN RESULTANTECAPITULO |
|-----------------------------|-----------------------|------------------------------------|--|---------------------------------|---------------------------------------|
| I Gastos de persoal         | 351.877,77            | -30.000                            |  |                                 | 321.877,77                            |
| II Gastos en ben correntes  | 555.014,2             |                                    |  |                                 | 555.014,2                             |
| III Gastos financeiros      | 2.000                 |                                    |  |                                 | 2.000                                 |
| IV Transferencias correntes | 23.000                |                                    |  |                                 | 23.000                                |
| VI Investimentos reais      | 277.500,24            | -5.240,37<br>+5.240,37<br>+30.000  |  | 3.200                           | 310.700,24                            |
| VII Transf.de capital       | 0                     |                                    |  |                                 | 0                                     |
| VIII Activos financeiros    | 0                     |                                    |  |                                 | 0                                     |
| IX Pasivos financeiros      | 16.039,1              |                                    |  |                                 | 16.039,1                              |
| <b>TOTAL</b>                | <b>1.225.431,31</b>   | <b>-35.240,37<br/>+35.240,37</b>   |  | <b>3.200</b>                    | <b>1.228.631,31</b>                   |

2º.- Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ó público no BOP e Taboleiro de anuncios do Concello polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva do anuncio no BOP.

### **III.- SORTEO DE MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS. ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA 2012.**

Como consecuencia do sorteo efectuado por medios informáticos para a composición das mesas electorais correspondentes ás Eleccións ao Parlamento de Galicia 2012, o resultado é o seguinte:

## **MESA A**

| Nome e apelidos                | DNI         | CARGO      |
|--------------------------------|-------------|------------|
| Ana García Meizoso             | 32 670 078G | Presidenta |
| María Begoña Paz Pardo         | 32 664 960S | 1º Vogal   |
| Daniel Alberto Otero Fernández | 76 417 637E | 2º Vogal   |

### **Suplentes**

|                              |             |                      |
|------------------------------|-------------|----------------------|
| José Vilariño Balsa          | 76 409 405R | 1º Suplente Presid.  |
| Juán Carlos García García    | 32 648 624D | 2º Suplente Presid.  |
| Antonia Rodríguez Arnosó     | 76 398 637C | 1º Suplente 1º Vogal |
| Cristina Meizoso Fornos      | 32 709 927M | 2º Suplente 1º Vogal |
| Natalia Fernández Fontela    | 32 681 065C | 1º Suplente 2º Vogal |
| MªVictoria Fernández Formoso | 76 406 102X | 2º Suplente 2º Vogal |

## **MESA B**

| Nome e apelidos           | DNI         | CARGO      |
|---------------------------|-------------|------------|
| Alberto Adegá Meizoso     | 32 651 670L | Presidente |
| María Angeles Basoa Seijo | 32 663 847Y | 1º Vogal   |
| María Salgado Salgado     | 32 574 219D | 2º Vogal   |

### **Suplentes**

|                                  |             |                      |
|----------------------------------|-------------|----------------------|
| Estrela Gómez Viñas              | 32 693 610F | 1º Suplente Presid.  |
| Rosa María Bouza Arnosó          | 32 677 053X | 2º Suplente Presid.  |
| Juán Honrubia López              | 51 890 276E | 1º Suplente 1º Vogal |
| María Carmen Calvo Calvo         | 76 401 488L | 2º Suplente 1º Vogal |
| José Antonio Paz García          | 32 639 410H | 1º Suplente 2º Vogal |
| José Manuel Rodríguez Filgueiras | 32 594 933T | 2º Suplente 2º Vogal |

O Pleno queda enterado

E non habendo máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas e vinte e cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario-Accidental dou fé, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

**O alcalde-presidente,**

**Manuel Meizoso López**

**O secretario-accidental,**

**Jesús Franco Rodríguez**